



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

## CONVENIO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE CERVO

En Cervo a 20 de abril de 2021

Dunha parte, M<sup>a</sup> José Blanco González con DNI nº 11.441.180-Z, en calidade de solicitante dunha axuda de emerxencia social.

Doutra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora das bases de réxime local.

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO:** Que o Concello de Cervo, no exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en conceder unha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a M<sup>a</sup> José Blanco González co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda coa comunidade de propietarios da súa vivenda habitual.

**SEGUNDO:** Que M<sup>a</sup> José Blanco González, solicitou do Concello de Cervo unha axuda económica de emerxencia social para a cobertura da débeda coa comunidade de propietarios da súa vivenda habitual.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cervo e M<sup>a</sup> José Blanco González asinan o presente convenio de axuda de emerxencia social coas seguintes

### CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a M<sup>a</sup> José Blanco González co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda coa comunidade de propietarios da súa vivenda habitual.

Segunda.- O Concello de Cervo achegará, en concepto de subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social, a cantidade de 1.781,17 €





# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

con cargo á partida 231/48000, para a cobertura da débeda coa comunidade de propietarios da súa vivenda habitual.

Terceira.- A xustificación considérase realizada, coa presentación do certificado de débedas emitido pola comunidade de propietarios. Non obstante, deberá achegar no prazo dun mes desde a firma do presente convenio, certificación acreditativa de atoparse ao corrente do pago das cuotas.

Cuarta.- O pago da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de conformidade co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

Sexta.- Este convenio terá vixencia ata a completa execución e xustificación da axuda e, en todo caso, a súa vixencia non se estenderá máis alá do 31 de decembro de 2021.

Séptima.- O Concello de Cervo resérvase as facultades de efectuar cantas actuacións de seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio considere convenientes.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas dúas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde



Alfonso Villares Bermúdez

Mª José Blanco González

DNI: 11.441.180-Z